

PRESERVATIVO MASCULINO

Consiste nunha funda de látex ou poliuretano, axustada ao pene, cun pequeno depósito no extremo cerrado.



Usados axeitadamente poden ofrecer igual seguridade e protección fronte aos embarazos non desexados, a infección polo VIH/sida e outras Infeccións de Transmisión Sexual. Ten una eficacia do 85-98%.

Para acadar a máxima protección é importante seguir estritamente as instrucións de uso.

Normas de uso:

- O preservativo só se pode empregar unha vez.
- O preservativo debe ser colocado antes de calquera contacto coa parella.
- Se desexas unha lubricación adicional utiliza só lubricantes en vehículo acuoso (ex. glicerina) cos de látex. Non utilices lubricantes oleosos como vaselina, parafina, aceite infantil, locións corporais, aceites para masaxes, manteiga e outros aceites, xa que poden danar o preservativo. Cos de poliuretano podes usar calquera.
- Garda sempre os preservativos nun lugar fresco e seco, apartados da luz solar e da calor.
- Non os saques do seu envase individual ata o momento da súa utilización.

¿Como poñelo?

1. Comproba a data de caducidade e abre o sobre con coidado. Non empregues tesoiras ou outros elementos cortantes. Trátao con suavidade ao sacalo do envase e evita tocalo con unllas afiadas, aneis, etc.
2. Desenrola o preservativo pola parte enrolada cara a fóra para estendelo de xeito adecuado. Aperta o extremo do preservativo antes de desenrolalo sobre o pene erecto, para que quede un pequeno espazo libre de aire.
3. Desenrola completamente o preservativo ata a base do pene, antes da penetración.
4. Logo da exaculación, retirar o pene da vaxina cando está aínda en erección, mantendo o borde do preservativo ben suxeito para evitar a saída do esperma ou que o preservativo quede na vaxina.
5. Retírao con coidado e comproba que non rompeu. Tira o preservativo ao lixo, nunca ao inodoro.

Se non o utilizaches correctamente solicita anticoncepción de urxencia en calquera centro de saúde, puntos de atención continuada e centros de orientación familiar.